



lanzadeiras

tema 6: creatividade

módulo 22

paixóns



XUNTA
DE GALICIA



tema 6: *creatividade*
módulo 22
semana 6 | día 2

lanzadebras



lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

*semana 6 | **creatividade***

semana 7 | xestión

semana 8 | marca persoal

semana 9 | comunicación

ÍNDICE MODULAR

módulo 21 | obxectiva

*módulo 22 | **paixóns***

módulo 23 | lóxica

módulo 24 | brotes verdes

ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04

exemplo | páxina 08

videotutorial | páxina 09

GramolaEmprendedora



Escoita
Una mente maravillosa
BSO



NO CAMIÑO DO EMPREDEMENTO, VOSTEDE ESTÁ AQUÍ





tema 6: *creatividade*
módulo 22
semana 6 | día 2
lanzadebras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

Por moi obxectivos que queiramos ser á hora de examinar, avaliar e interpretar a realidade, os seres humanos temos difícil desprovernos das nosas percepcións, os nosos prexuízos e os nosos sentimentos. E é que, desde que nacemos, todo canto nos rodea vai modelando a maneira que temos de ver e interpretar as cousas. É como se, nada máis nacer, nos colocasen diante dos ollos unhas lentes invisibles que, aos poucos, se van graduando pola sociedade que nos rodea, “agasallándonos” así cun conxunto de dioptrías sociais que distorsionan a nosa visión da realidade.

É a famosa cosmovisión preanalítica da que nos fala o método científico: unha percepción previa á análise que nos convida a imaxinar unha visión do mundo adaptada ao noso cosmos particular; daquel no que nos educaron e no que nacemos; aquel que se viu condicionado e influenciado polo noso contexto pasado e presente.

Os nosos propósitos, a nosa contorna persoal, a nosa maneira de obrar e proceder, as nosas inquietudes e preocupacións, os nosos problemas, os nosos intereses e os nosos desexos son as sete grandes paixóns que coartan a nosa maneira de actuar e de pensar, limitando a nosa creatividade. Ai, as paixóns! Como as necesitamos na vida e como nos condicionan! Porque, quen non deformou algunha vez o relato da realidade para conseguir os seus propósitos ou os dos seus? Quen non se deixou conquistar polos argumentos daquelas persoas que o rodean, o queren ou que lle inspiran respecto e





tema 6: *creatividade*
módulo 22
semana 6 | día 2
lanzadeiras



o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

admiración por un ou outro motivo? Quen non xustificou o inxustificable con tal de dar sentido a unha maneira de obrar ou proceder, por moi estrambótica que fose? Quen non deixou de facer, ou fixo de máis, por dar acougo a unha inquietude ou poñer fin a un problema? Quen non tirou de egoísmo para arrimar a ascua á súa sardiña e atender as súas necesidades e os seus desexos? Pois iso. O que estea libre de pecado que tire a primeira pedra.

As paixóns condiciónannos, coartan a nosa maneira de pensar e actuar e limitan a nosa liberdade creativa ao distorsionar a nosa perspectiva e cortar a nosa capacidade de manobra. Non se trata de anulalas. É imposible! Trátase de aprender a convivir con elas e a dominalas. Entendémolo?



tema 6: *creatividade*

módulo 22

semana 6 | día 2



lanzadeiras

aprender do que outros fixeron con mestría


exemplo

IMAGINARIUM

Imaginarium soña con construír unha sociedade mellor axudando os pais na educación dos seus fillos. Utilizaremos este exemplo para destacar a importancia que teñen as paixóns nos procedementos de creación e desenvolvemento dunha empresa. Hoxe, Imaginarium atópase nun proceso de mellora continua para seguir achegando solucións que se adapten ás necesidades das familias.

A súa estratexia de crecemento aséntase na paixón coa que arriscan na creación dos seus produtos, pois desenvolven xoguetes que transcenden as formas tradicionais para recrear novas formas de xogar.

Imaginarium



a hemeroteca de Paula



tema 6: *creatividade*
módulo 22
semana 6 | día 2

lanzadebras

fotogramas que valen máis que mil verbas

videotutorial

AMADEO TOSCANI

<https://www.youtube.com/watch?v=7BN2JS9025c>



a videoteca de Alba

Este vídeo, con imaxes pertencentes a campañas publicitarias da marca Benetton do fotógrafo Amadeo Toscani, móstranos como a marca utilizou desde os seus comezos unha publicidade non só destinada á venda da súa roupa. Dunha forma transgresora Toscani móstranos coas súas campañas temas que, dalgunha forma, poderían ser tabú, e sempre facendo referencia á multiplicidade de cores, tanto en raza como nas súas pezas. Así crean non só unha marca senón unha sensación de transmisión de valores e de denuncia social, reivindicando coas imaxes e despertando interese e conciencia ante certos temas.



XUNTA
DE GALICIA